

Tártarus

 XERAIS

 FÓRA DE XOGO

Tártarus

Antonio Manuel Fraga

Título:

Tártarus.

Autor:

Antonio Manuel Fraga

Editorial:

Xerais

Colección:

Fóra de Xogo

Nº páxinas:

248

ISBN:

978-84-9914-980-6

O autor

Antonio Manuel Fraga Allegue (Pontedeume, 1976) estudou Enxeñaría Técnica Industrial en Ferrol. Dende o 2006 vive na Coruña, cidade na que traballou na refinaría de petróleo. Viviu despois en Alcañiz (Teruel) e no inverno de 2010 trasladouse a Romanía, onde participou na construción dun parque eólico. Tras o seu regreso da emigración, comezou a escribir. Gaña o Premio Merlín de Literatura Infantil 2013 con *O Castañeiro de Abril* e en 2016 publica *Tartarus* na colección Fóra de Xogo de Xerais..



O ilustrador

Evaristo Pereira (Vigo, 1959). Diseñador gráfico e ilustrador. Ten colaborado como debuxante publicitario en axencias locais e nacionais en diversas campañas publicitarias, así como en xornais galegos, nun deles, *Faro de Vigo*, no apartado cultural *A pizarra*. Actualmente traballa como ilustrador para diferentes editoriais galegas. O seu primeiro libro publicado na Colección Merlín é *Señor Meco* (Xerais, 2012).



Resumo argumental

Na novela desenvólvense, en paralelo, dúas historias, ambas ambientadas nun espazo tempo fantástico, se ben unha delas, a que estrutura o libro todo, ten máis parecidos coa nosa realidade que a outra.

Por unha banda, coñecemos a historia da relación que se establece entre Guiomar —unha rapaza á que Nivardo, o rapaz que lle gusta, non lle fai moito caso— e a profesora de música Mastrina Xaovén. Ambas viven en Audierna, cidade dividida e dúas clases de persoas moi diferenciadas, *güendos* e *mallumás*. Os *güendos* viven nos barrios ricos e os *mallumás* nos barrios pobres. Guiomar, a protagonista da novela, é unha moza *güenda* á que lle gusta xogar a un deporte chamado *maila*; pero é tal a paixón e o tempo que dedica a ese deporte que os pais a obrigan a acudir a clases de *klavia*, un instrumento musical semellante a un piano. Será nesas clases onde coñecerá a Mastrina Xaovén, unha anciá de saúde feble que, ao tempo que lle ensina *klavia* a Guiomar, reserva sempre un anaco da clase para contarlle unha historia que enganchará á moza e que propiciará que a relación entre a alumna e a profesora se estreite cada vez máis.

O conto que, clase a clase, vai desglosando Mastrina é o dunha rapaza *güenda* chamada *Átika*, que se adentra nun barrio *mallumá*, onde coñece a vida dos seus habitantes, a súa música, o *hicupé*, e onde iniciará amizade con Fuco, un mociño delincuínte que gaña a vida como pode na dura realidade dos barrios miserentos de Audierna. Uns barrios, por certo, que, sen que ninguén saiba exactamente por que, están inzados de noxentos alacrás.

A vida de *Átika* irá complicándose, a medida que avance o relato de Mastrina Xaovén. A moza será chamada a unha importante misión: ir ao mundo soterrado de Nigrofe. Alí, coñecerá a un temeroso cazador dunha especie de ratos que constituían a súa única base de alimentación e vestimenta. Tamén en Nigrofe, *Átika* coñecerá a un suposto Home Paxaro, mago controlador dos alacrás que finalmente a traizoará. Este Home Paxaro, porén, remata malferido e, cando *Átika* lle retire a máscara que cubría o seu rotro, descubrirá que tras dela se oculta unha nena. En Nigrofe, *Átika*, Fuco e mais tres cabaleiros —fillos doutro chamado Saturno— liberarán as mulleres que *Tártarus*, o representante do Gran Mal, ten encarceradas. Misión na que, desgracidamente, Fuco perderá a vida.

Finalizada a historia de Mastrina Xaovén —cando Guiomar xa descubrira que as amizades da mestra a trataban polo nome de *Átika*— esta sofre un proceso de empeoramento da súa saúde, ata o punto de que se ve obrigada a suspender as clases de *klavia* con Guiomar.

Pasado un tempo, Guiomar pretende visitar a Mastrina, pero a anciá abandonou a casa onde moraba e a rapaza, non sen tristeza, deberá resignarse a non ver máis a unha mestra á que, co tempo, collera moito cariño..

Temas e valores

O diálogo interxeracional

O que se produce entre Guiomar e Mastrina Xaovén. Onde a mestra, a través das súas narracións, é tamén quen de facer que Guiomar ame un pouco máis a *klavia*.

A superación das divisións de clase

A través tanto do gusto da Mastrina Xaovén pola música dos mallumá como a través da amizade que se establece entre a güenda Átika e o mallumá Fuco.

A creación de mundos imaxinarios

Os dous fíos argumentais teñen lugar en lugares imaxinarios, coa súa propia toponimia, e onomástica. Ao final do libro mesmo se ofrece un voculario con todas as palabras alleas ao galego que aparecen no libro.

Actividades

Antes da lectura


- Lendo só o título da novela, imaxinar cal pode ser o seu argumento.
- De que xeito pensan que se relaciona o título da novela coa ilustración da portada?

Despois da lectura

- Coñecen ou gustaríalles coñecer a alguén que, como Mastrina Xaovén, fose quen de contar, de xeito oral, unha historia tan atraente? Por que pensan que hoxe se contan poucas historias de xeito oral?
- En que xénero de novela meterían a *Tártarus*? Lémbbralles a outros libros? A cales? Por que?

Ficha a1 (antes da lectura)

1. Debuxa, ao teu xeito, unha portada alternativa para o libro.



2. A maior parte das ilustracións interiores do libro reproducen anacos de xornais onde se poden ler titulares e pequenos textos escritos en estilo xornalístico. Escribe ti un titular e un pequeno texto, nese mesmo estilo, onde se fale da chegada a unha cidade do maior avión do mundo.

Decote (páx. 16)

Ladaíña (páx. 16)

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Vimbio (páx. 20)

Nobelo (páx. 20)

Billa (páx. 31)

Ballón (páx. 33)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Arreguizo (páx. 34)

Abranguer (páx. 36)

Escapulir (páx. 46)

Trade (páx. 46)

Trabe (páx. 49)

6. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

Ficha d2 (despois da lectura)

1. De quen dicía ser filla a nena que se ocultaba tras a máscara do Home Paxaro?

3. Como se chamaba o río que atravesaba Audierna?

4. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras:

Lendia (páx. 54)

Ouleo (páx. 56)

Maimiño (páx. 70)

Letarxia (páx. 73)

Imbrar (páx. 83)

5. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

6. Comenta este texto da páxina 93:

“Baixei de novo as escaleiras correndo ás toas até determe fronte á porta do cuarto. Enchín de aire os pulmóns. Non sei por que o fixen. O certo era que penetrar no cuarto da Mastrina me impuña respecto. Significaba, se cabe, ascender un chanzo máis na súa intimidade. Era unha parvada tremenda, agora seino, mais lembro aínda a sensación de privilexio que sentín aquela tarde. Talvez fose só satisfacción por facer, para variar, as cousas ben nese intrincado labirinto das relacións humanas.”

2. A que tipo de espectáculo lle gustaba levar a nai de Guiomar á súa familia para relacionarse coa alta sociedade de Audierna?

3. Crea un glosario de sete palabras inventadas por ti acompañadas das súas respectivas definicións.

<hr/>	<hr/>
	<hr/>
	<hr/>
<hr/>	<hr/>
	<hr/>
	<hr/>
<hr/>	<hr/>
	<hr/>
	<hr/>
<hr/>	<hr/>
	<hr/>
	<hr/>
	<hr/>
	<hr/>
	<hr/>
	<hr/>
	<hr/>

→ FÓRA DE XOGO

Tártarus

Antonio Manuel Fraga



Pedidos a

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Maraño, 12 • 36211 Vigo
Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal

 XERAIS